

TRABALLO DA ASIGNATURA PENDENTE DE 2º ESO XEOGRAFÍA E HISTORIA

1ª AVALIACIÓN

A recuperación da asignatura pendente lograrase mediante a realización duns exercicios propostos polo Departamento de Xeografía e Historia que se realizarán en dúas partes, durante a primeira avaliación traballarase a parte de Historia, e durante a segunda avaliación a parte de Xeografía.

Os exercicios teñen un **prazo de entrega** e serán calificados de **aprobado ou suspenso**, para aprobar a asignatura é **imprescindible aprobar as dúas partes**, a de **Historia** e a de **Xeografía**. **Para aprobar**, precísase igualar ou superar a **Nota de 7,5** puntos (o cal implica realizar **moi ben** o **75%** dos exercicios tanto de Historia coma de Xeografía, por separado).

No caso de non entregar os exercicios ou non aprobar, o alumnado ten unha **proba escrita extraordinaria de toda a asignatura o 6 de maio ás 16:30**.

1ª AVALIACIÓN: O prazo de **entrega** para a parte de **Historia** é o **10 de xaneiro**.

2ª AVALIACIÓN: O prazo de entrega para a parte de Xeografía é o 19 de abril.

EXERCICIOS de HISTORIA

EXERCICIOS

TEMA 1. POBOS BÁRBAROS E REINOS XERMÁNICOS (1 punto)

1. Responde (0,25 puntos):
 - A quen consideraban bárbaros os gregos e romanos?
 - Que pobos se viron obrigados a desprazárense como consecuencia da entrada dos hunos en Europa?
 - A que pobos denominaron xermanos os romanos?
 - En que zona se instalaron e formaron reino os francos? E os vándalos?
2. Fai un esquema cos trazos básicos do reino visigodo. (0,25 puntos)
3. Que razón explican que o Imperio Romano de Oriente perdurase 1000 anos? (0,25 puntos)
4. Quen foi Xustiniano e cal foi o seu proxecto? Conseguiu? (0,25 puntos)

TEMA 2. A EUROPA FEUDAL (2 puntos)

1. Cando e Onde xurdiu o Islam? Quen foi o seu predicador? Que principios básicos defende? (0,5 puntos)
2. Responde: (0,5 puntos)
 - De onde procedían os viquingos? Cal foi a principal actividade económica que desenvolveron?
 - Cando se organizou o Imperio de Carlomagno? Que territorios da actual Europa formaron parte do seu imperio? Que misión tiñan os condes e marqueses carolinxios?

3. Responde: (0,5 puntos)
 - A que se denomina Feudalismo? En que época estivo vixente?
 - Elabora un esquema dos trazos básicos do Feudalismo.
4. Responde: (0,5 puntos)
 - En que consistía a Sociedade Estamental?
 - Que posición social tiñan as mulleres na Idade Media?
 - En que consistía a cerimonia de vasalaxe? Que función podían desempeñar os señores nos seus señoríos?

TEMA 3. A EUROPA DO ROMÁNICO (2 puntos)

1. Responde: (0,5 puntos)
 - Que función cultural desempeñaron os mosteiros medievais?
 - Quen foi o autor da reforma gregoriana? Indica alguna das súas características.
 - Que significou o Cisma de 1054?
2. Que estilos prerrománicos se diferencian na Península Ibérica, entre os cristiáns, e cal é a súa cronoloxía? Cita una obra de cada estilo. (0,5 puntos)
3. Responde: (0,5 puntos)
 - En que séculos se desenvolve o estilo románico? Indica tres características e cita tres obras románicas.
 - Cal é a finalidade básica da escultura románica? E a da pintura románica?
4. Que personaxes se representan no Pórtico da Gloria? Quen foi o seu autor? (0,5 puntos)

TEMA 4. RENOVACIÓN E CRISE NO MUNDO FEUDAL (1 punto)

1. Responde: (0,25 puntos)
 - Que razón explican a expansión da agricultura europea nos séculos XI e XII?
 - Que zonas destacaron polo seu desenvolvemento comercial nos séculos XI e XII?
2. Responde: (0,25 puntos)
 - Que novos medios de transporte aparecen nesta época?
 - Como eran as cidades medievais?
 - Que era a burguesía?
 - Que eran os gremios?
3. Que foi e cando se produciu a Peste Negra? (0,25 puntos)
4. Que guerras destacan nos séculos XIV e XV en Europa? (0,25 puntos)

TEMA 5. A EUROPA DO GÓTICO (2 puntos)

1. Responde: (0,5 puntos)
 - Que orden de mendicantes xorde no século XIII? Por que se chamaba así?
 - Que foi o Cisma de Occidente?
 - Cal é a orixe das Universidades? Quen podía fundalas?
2. Responde: (0,5 puntos)
 - Quen foi o inventor da Imprenta de Tipos Móviles? Valora este invento para a difusión da cultura.
 - Que diferenciaba un torneo dunha xusta?
3. Responde: (0,5 puntos)
 - En que séculos se desenvolveu o Gótico? Cal é o edificio que simboliza este

- estilo artístico?
- Define: ROSETÓN, ARCOBOTANTE, BÓVEDA DE CRUCERÍA.
4. Responde: (0,5 puntos)
- Cita o nome de catro edificios góticos e di onde se atopan.
 - Indica tres características da escultura gótica. Cita tres obras.
 - Menciona tres pintores góticos coas súas obras.
 - Quen foron os maiores difusores do gótico en Galicia? Menciona tres obras góticas galegas.

TEMA 6. A PENÍNSULA IBÉRICA NA IDADE MEDIA. O REINO DE GALICIA (2 puntos)

1. Responde: (0,5 puntos)
 - Que foi Al-Andalus?
 - A que se denomina Reinos de Taifas?
 - Cales son as principais obras artísticas conservadas na Península Ibérica e realizadas polos musulmáns? Onde se atopan e cal era a súa finalidade?
2. Responde: (0,5 puntos)
 - A que se denomina Reconquista? Entre que datas tivo lugar?
 - Que é unha Carta de Poboamento? E que é unha Carta Foral?
 - Que territorios dominou a Coroa de Aragón no Mediterráneo nos séculos XIII e XV?
3. Responde: (0,5 puntos)
 - Como afectou a Galicia a Conquista Musulmá?
 - Con que monarcas e en que datas Galicia foi reino independente?
 - Por que se considera o Bispo Xelmírez o maior benfeitor medieval de Santiago de Compostela?
4. Por que xurdiu o conflito dos Irmandiños? Como rematou? (0,5 puntos)